



Sr. Director Xeral de Conservación da Natureza
Consellería de Medio Rural
Xunta de Galicia

D. Serafín J. González Prieto, Presidente da SGHN,

EXPÓN:

1. Que Galicia padece na actualidade unha situación extraordinaria como consecuencia da sequía e dos incendios forestais, principalmente na provincia de Ourense, na de Lugo e no sur de Pontevedra.
2. Que a Lei 4/1997, de caza de Galicia, establece que *“queda prohibido cazar en tempo e lugares nos que, como consecuencia de incendios, epizootias, envelenamentos, inundacións, secas ou outras causas, os animais se ven privados dos seus hábitats e das súas facultades normais de defensa e obrigados a concentrarse en determinados lugares”* (artigo 34.1.3).
3. Que, así mesmo, a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece que *“Os aproveitamentos e a repoboación cinxética en terreos queimados quedan prohibidos durante un período de tres anos desde a data do lume, agás autorización expresa da dirección xeral competente en materia cinxética, logo de informe favorable da consellaría competente en materia forestal”* (artigo 44.1).

SOLICITA

1. Que, en exercicio das súas competencias e obrigas legais, proceda a suspender a tempada de caza, con carácter inmediato e a todos os efectos, nos TECOR afectados por incendios forestais este ano. Alomenos no caso de grandes lumes, dita suspensión da tempada de caza debera extenderse aos TECOR limítrofes non afectados polo lume nos que os animais véranse obrigados a concentrarse como atinadamente sinala o artigo 34.1.3 da Lei 4/1997.
2. Que manteña informada a SGHN de cantas decisións e actuacións adopte ao respecto.

En Santiago de Compostela, a 26 de outubro de 2011

O Presidente da SGHN,

Serafín González Prieto